



## O XERENTE DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DESTACA O TRABALLO DA XUNTA PARA GARANTIR UNHA ATENCIÓN INTEGRAL DE CALIDADE AOS PACIENTES ONCOLÓXICOS PEDIÁTRICOS

- *Trátase dun novo espazo de xogo para que as nenas e nenos con tratamento oncolóxico no Hospital de Día poidan recibir as súas terapias ao aire libre e nun ambiente lúdico*
- *A iniciativa xorde da asociación Bicos de Papel e conta co apoio da Xerencia da Área Sanitaria de Vigo*

**Vigo, 24 de maio de 2024.-** O Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo conta desde onte cun novo espazo lúdico para que nenas e nenos con tratamento oncolóxico que pasan longas xornadas no Hospital de Día teñan un lugar no que poidan recibir ao aire libre as súas terapias.



O *Parque dos Bicos*, que así se denomina este novo espazo, é unha iniciativa da asociación *Bicos de Papel*, entidade formada por familias con nenas e nenos que reciben este tratamento no Hospital Álvaro Cunqueiro, e que conta co apoio da Xerencia da Área Sanitaria de Vigo.

Á inauguración desta nova instalación acudiu o xerente do Servizo Galego de Saúde, José Ramón Parada Jorgal; así como o xerente da Área Sanitaria de Vigo, Javier Puente Prieto, e a directora de *Bicos de Papel*, Natalia Dieste, acompañados por persoal médico e demais persoal sanitario da Unidade de Oncoloxía Pediátrica, ademais doutros membros da directiva da asociación e familiares destas pequenas e pequenos pacientes.



Na súa intervención, o xerente do Servizo Galego de Saúde puxo en valor o traballo da Xunta para garantir unha atención integral de calidade para os pacientes oncolóxicos pediátricos. Incidiu, ademais, na aposta da Consellería por acadar a excelencia sanitaria e un sistema "máis humano e accesible" e na necesidade dunha abordaxe integral da atención dos doentes e das súas familias para acadar maiores niveis de saúde e benestar.

O xerente do Servizo Galego de Saúde lembrou que desde o Executivo galego se está a traballar no desenvolvemento da medicina personalizada ou de precisión, que permite ofrecer aos doentes un tratamento individualizado en función das súas características e o tumor que padece.

José Ramón Parada rematou a súa intervención agradecendo o traballo, esforzo e ilusión que a Asociación Bicos de Papel depositou nesta iniciativa.

### **Benestar para os cativos**

O *Parque dos Bicos* atópase nun espazo exterior cedido pola Xerencia da Área Sanitaria para este fin situado no nivel -1 Bloque A do Hospital Álvaro Cunqueiro. Nel instaláronse diferentes equipamentos lúdicos e de xogo, estando adaptado para que os máis pequenos poidan recibir as súas terapias ao aire libre.

Na actualidade, unha media de 13 nenas e nenos de entre 0 e 16 anos de idade reciben terapia oncolóxica a diario no Hospital de Día do centro vigués.

Este é o segundo espazo que se abre produto desta colaboración entre Bicos de Papel e a Xerencia da Área Sanitaria de Vigo no Hospital Álvaro Cunqueiro, tras a inauguración o ano pasado da Aula para Pacientes Oncolóxicos, situada na planta de Pediatría do hospital.

